

Un pequeno cadro ao comezo da exposición que Lino Lago (Redondela, 1973) inaugurou recentemente no Museo MAC da Coruña resume para el cales son os eixes fundamentais que rexen o seu traballo creativo. Un animal, unha vaca realizada cunha excelente técnica, case hiperrealista, que mira de fronte ao espectador, ten aos seus pés escrito o texto *Ceci n'est pas une pipe* —isto non é unha pipa—, un xogo no que buscou unha clara referencia a René Magritte e a súa obra *Trahison des images* realizada en 1929.

DO MESMO XEITO QUE ESTE PAI DO SURREALISMO AO que toma como referente, Lino Lago quere provocar coas súas obras non só incredulidade, preguntas, senón unha necesaria complicidade de quen as ve, para «entrar» na súa pintura e ser partícipe dos «xogos» iconográficos e conceptuais que suscita. É probable que por iso afirme que lle gusta tratar temas profundos utilizando o humor, unha forma sen dúbida intelixente de establecer esas relacións de complicidade con quen ve o seu traballo.

E desde logo este galego afincado en Lituania desde hai case quince anos, onde chegou por amor, utiliza tamén este recurso á hora de formular coas súas obras cuestións tan profundas como é a utilidade da arte para cambiar a vida. Para el a creación plástica debe ser «unha ferramenta de concienciación» que debe utilizarse aplicando un sentido crítico e de compromiso.



TEXTO Rosario Sarmiento
FOTOS Xurxo Lobato

O BERRO ANIMALISTA DE LINO LAGO

No seu caso, máis concretamente, para loitar contra o maltrato animal, reivindicar os dereitos dos animais e entender que forman parte dunha natureza que debemos respectar e non entender como un simple medio de obtención de recursos.

Este claro posicionamento animalista de Lino Lago é precisamente o fío condutor desta mostra do MAC da Coruña, a súa primeira exposición nunha institución española. Unha aposta moi novidosa por ser a primeira vez, ademais, que esta idea se presenta dentro da programación dun museo de arte contemporánea. Comisariada por Rafael Doctor, a exposición artícuase en dous núcleos que responden a dúas etapas

diferentes na traxectoria de Lago, aínda que están conceptualmente relacionados.

Un primeiro capítulo reúne unha ampla selección de obras realizadas con anterioridade ás súas formulacións máis claramente animalistas, nas que xa é patente a base crítica que sustenta toda a súa traxectoria. A «orde» burguesa, a familia patriarcal e o papel que se lle outorga á muller son postos en cuestión en obras como *El tamaño importa* (2012) ou *El idiota* (2013), realizadas cunha impecable factura próxima ao fotográfico. Magnífica técnica que caracteriza todo o seu traballo, pero que non dubida en tunear con monigotes de cores rechamantes para convertelo en *Oveja negra* (2013), un alusivo título



á crítica ao «ben pensante» mundo burgués que suscita. Tampouco dubida en romper con textos absurdos en evidente clave de humor a bela imaxe dunha flor en *What is fucking flower doing here?* (2013).

Xunto a este primeiro capítulo, a crítica animalista convértese no fío condutor do segundo núcleo desta exposición: a inxustiza e o sufrimento innecesario dos animais como temática principal. Aquí atopamos a un artista que aborda directamente un posicionamento crítico á ideoloxía carnista que rexe o mundo contemporáneo, partindo conceptualmente do animalismo, unha corrente de pensamento e acción que parte de entender que a relación que mantén o ser humano cos animais na sociedade actual é absolutamente abusiva, cruel e inxusta. Animais que entran nas súas obras, reducidos como pequenas e sutís chiscadelas fronte ao hieratismo dunhas estatuas en *Víctima 2, vaca* (2015) ou perdidos no espazo que marca unha inmensa e deshabitada arquitectura do seu *Cuadro con temática gallega* (2015). Arquitecturas e estatuas son elementos mortos, fríos, inertes, fronte á presenza chea de vida duns animais que apenas deixamos existir/ entrar no noso mundo actual.

Ao lado destas obras, a súa mirada crítica que o leva a suscitarnos dúas instalacións, unha na que as siluetas de animais colgados despois de seren sacrificados aparecen proxectados sobre unha parede branca. Sen dúbida, o referente máis explícito en toda a exposición da súa posición animalista. Outra na que unha mesa perfectamente preparada para ser utilizada ofrécenos un menú composto por conceptos que aluden a un código

ético de comportamento. Nada mellor que unha cita de Mr. Ghandi para ilustrala, «a peor arma é o garfo da mesa».

Pero tamén Lino Lago non dubida en intervir, serrar ou botar pintura a obras emblemáticas da historia da arte. Profanar o museo como na súa obra *Cuadro serrado* (2014) é cuestionar o seu valor, a súa importancia como emblema ou como el mesmo di «o que se cre tan importante realmente non o é».

O que é evidente é que Lino Lago intenta coa súa pintura chamar a atención cara á falta de amor á natureza, buscar un equilibrio entre o vivido e o que está por chegar, entre a tradición e o novo. Como afirma o propio comisario da exposición, Rafael Doctor, «é dos artistas que se sitúan activamente ao considerar que, malia as dificultades do medio tomado por intereses, toda obra de arte ten un poder transformador para a sociedade á que se dirixe e deste xeito fai que cada unha das súas obras berren en contra do sistema».

Unha postura activa de alguén que busca a súa inspiración na rúa, nas noticias, na vida cotiá. «Non me identifico cos artistas que só buscan a estética e non miran máis alá. Xa teño estética, así que me asaltan outras preocupacións. Inspírome nas noticias, na xente da rúa e nas viñetas de El Roto antes que noutros artistas. De feito, non vou a exposicións nin estou ao tanto do que ocorre no mundo da arte». Evidentemente por iso é quen de facernos cómplices e partícipes da súa pintura.



